


# UNHA PEQUENA OLLADA Á ROSA HISTORIA: PERCORRENDO A PEDRA DA BOULLOSA

*Martina Vieitez Ferro*

No ano 1935 aparece publicado o "Corpus Petroglyphorum Gallaeciae" de Ramón Sobrino Buhigas, sendo o detonante da investigación e testemuña da existencia da arte rupestre ó aire libre. É neste momento no que o grupo de gravados do noroeste peninsular da en denominarse o "Grupo Galaico de Arte Rupestre".



Segundo o dicionario da lingua, petroglifo defínese como: "gravado rupestre, seguramente da época prehistórica (Idade do Bronce), feito nas pedras e penedos que están ó aire libre". Pero o realmente necesario para poder entender a arte rupestre é meterse no papel dos nosos antergos.

Os complexos rupestres datan da transición entre o III e o II Milenios a.C., período coincidente co final do Megalitismo e o desenrolo inicial da Metalurxia. É nesta data cando se produce unha profunda transformación socioeconómica que afecta ás relacións sociais.

Eran poboados sedentarios que subsistían grazas ó sistema agropastoril e á consolidación dunha economía de produción; a sociedade desta época é de agricultores, peixeiros, mineiros e metalúrxicos.

A existencia de excedentes e as innovacións tecnolóxicas, grazas ó cobre, manifestan unha xerarquización e estratificación da sociedade, feito que se verá reflexado nas representacións rupestres xa que estas non deixan de plasmar a realidade daquela época.



O emprazamento elixido para albergar estes legados históricos parecen escoller as altitudes medias-baixas, sobre pequenos outeiros graníticos. As rochas elixidas son de superficie plana e a ras do chan. Estas zonas caracterízanse por estar moi afectadas polos elementos erosivos polo que os gravados aparecen, en moitos casos, bastante alterados.


Asemade parece que estes outeiros permítíanlles un dominio visual sobre o entorno aínda que as súas mostras de arte non fosen concebidas para ser vistas dende a distancia, para destacar na paisaxe.

Un dos concellos con maior representación desta arte é o de Campo Lameiro. Entre os seus gravados podemos destacar a Pedra da Boullosa enclavada no lugar de Fontenla, na parroquia de Santa

Mariña de Fragas. É un gran complexo de gravados emprazados sobre unha rocha de grandes dimensións e totalmente gravada. Topograficamente divídese en tres zonas:

No panel central aparece unha escea de caza ou pastoreo: figuras de cérvidos formando filas paralelas e unha figura humana que porta un instrumento recto e alongado na man esquerda. Este tipo de representacións, manadas de diferentes sexos e idades, representadas en actitude tranquila, mostran unha clara matización da realidade.

Por outra banda, a aparición da figura humana portando un obxecto, reflexa a dominancia do home sobre a manada de animais. Asemade, as figuras humanas aparecen sempre realizando actividades propias de individuos de alto prestixio social: a caza ou a equitación, en ningún momento se mostran actividades propias da vida cotiá coma labores agrícolas ou gandeiras. Esta hipótese refórzase pola presenza das armas xa que estas son modelos concretos, espadas, puñais, alabardas e escudos, todas elas dotadas dunha forte connotación social, símbolos de poder e, polo tanto, do alto estatus ó que pertencían dentro da sociedade existente.



Acompañan a esta representación a figura dun cérvido unido a unha combinación circular de tres círculos concéntricos cortados por un radio que se prolonga ó exterior. A dúbida está en saber cál dos dous motivos é anterior xa que parecen estar realizados coma mesma técnica de gravado. Aínda así, crese que foi o cérvido o primeiro en representarse.

Inmediatamente debaixo aparece unha combinación de círculos concéntricos con cazoleta cen-

tral e radio que corta as tres circunferencias exteriores, prolongándose para formar outro motivo. Este conxunto parece superporse ós cuartos dianteiros dun cérvido, pero debido ó estado da rocha non é fácil garantir a orde de superposición.

Este tipo de temática pertence ó que se denomina bloque naturalista e sendo a que mellor caracteriza e individualiza os petroglifos galaicos aparece representada por numerosas figuras zoomorfas, antropomorfas e representacións de obxectos especializados e armamento metálico de estatus social alto (puñais, espadas curtas, alabardas e escudos).

Os zoomorfos presentes na súa maior parte son cérvidos e équidos, dominando os primeiros sobre os segundos probablemente debido tanto ás preferencias alimenticias (pola cantidade ou calidade da carne ou pola relativa facilidade da súa caza) como a unha posible significación simbólica, e pode que relixiosa, deste animal. Esta última interpretación xurde ó analizar os gravados nórdicos nos que o cervo aparece como animal vinculado ó sol ou á morte.

Neste caso os cérvidos aparecen de distintas idades e sexos. Os machos representáanse cunha portentosa cornamenta, mentres que as femias carecen delas. En canto ás idades, os novos representáanse con menores dimensións ou baixo outro cérvido, case sempre unha femia.

" No sector occidental aparecen cruciformes, combinacións circulares, cazoletas, todas pertencentes a unha temática abstracta, simbólica ou xeométrica. Este tipo de representacións son as de maior dispersión xeográfica e a máis numerosa.

As cazoletas son os deseños máis sinxelos: fosos superficiais de forma hemisférica e fondo cóncavo. Aparecen tanto formando pequenos grupos como esparcidos pola rocha xunto cos demais motivos.

Pero son as combinacións circulares as dominantes desta temática. Desde meros círculos ata as máis complexas combinacións circulares enlazadas por longos trazos teñen unha difícil

interpretación. Hai quen as considera altares de sacrificio, mapas, representacións de cabanas ou castros, figuracións de túmulos megalíticos, trampas de caza ou signos astronómicos ou alfabéticos. Nembargantes, un estudo somero destas mostras de arte, sobre todo as integradas por círculos e cazoletas (como é o caso desta laxe da Boullosa), suxiren a posibilidade de proporcionar información sobre os coñecementos matemáticos e astronómicos da cultura á que pertencen xa que o seu número se repite segundo certos parámetros matemáticos.

Xunto a estas figuras xeométricas, aparece representada unha gran serpe en actitude de reptar, ascendendo pola rocha cara o plano superior. A anchura do animal oscila entre os 10 e 15cm, está labrado con trazos xeométricos a xeito de escamas e a cabeza presenta forma romboidal.

Toda a laxe aparece labrada con cruciformes de trazo menos erosionado que o resto dos gravados polo que a súa datación é máis recente e considéranse como un símbolo de cristianización.


En vista da riqueza que acabo de ilustrar sobre a pedra da Boullosa, que é unha mínima

parte do que se pode atopar ó falar de petroglifos, quedaría concluir con dous desexos.

O primeiro sería tentar fomentar políticas de conservación e recuperación dos memos xa que temos que ter en conta que estamos ante uns elementos que co paso do tempo se deteriorarán en maior medida. Tamén para que non se cometan aberracións coma a de converter un monumento megalítico en morrillo para facer unha estrada como ocorreu nos anos corenta.

O segundo que, debido ós incendios forestais do ano pasado, se puideron descubrir outros petroglifos desconocidos ata o de agora. Por este motivo gustaríame chamar a atención dos concellos para que fomentasen as políticas forestais, tanto de limpeza como de mantemento dos cortalumes.

Para rematar este artigo gustaríame dirixirme a todos aqueles gustosos da arte rupestre interesados en visitar os petroglifos de Campo Lameiro, que se armen de paciencia posto que están mal sinalizados e os accesos son pésimos. Nembargantes, grazas ó saber popular dos nosos veciños, puidemos acceder a máis dun petroglifo que nin tan sequera está sinalizado.



Calzo de la PEDRA DA BOULLOSA, en As Fragas. Círculos, antropomorfos, combinacións circulares e una serpiente junto con cazoletas y otros trazos diversos. En época reciente se grabaron numerosas cruces y otros dibujos.